

QUEIROA NA RÚA

08/07/2017

Festival folclórico:

Queiroa - Xa fun a Marín - Sanfoniña.

Arnela - Pandeiretada de Cabanude.

Jota e Muiñeira de Muimenta.

Son d'aquí - Jota de Navia.

Muiñeira de Trasmonte.

Muiñeira de Arabexo.

Queiroa - Maneo de Cabaleiros.

Vai de Rumba.

Jota e Muiñeira de Xirazga.

Son d'aquí - Valseada de Ourense e Punteada de Cabaleiros.

Maneo de Coristanco e Punteada de Viladabade.

Jota de Lalín.

Queiroa - Serán en Toutón.

Jota e Moliñeira de Vilaquinte.

Fandango de Pontevedra.

Jota e Moliñeira de Silvela.

Concertos de música folk:

- Tonecho Castelos e Pablo Esqueira.

- Primordiais.



Dende hai varios anos na Asociación de Música e Danza Tradicional Queiroa viñamos traballando arredor da idea de poñer en marcha unha xornada de folclore na rúa na que amosar ó pobo a nosa forma de entende-la cultura.

Dende a fundación da nosa asociación, e incluso con anterioridade, apostamos polo traballo de campo, pola recuperación e a posterior difusión do noso baile e das nosas músicas, buscando a maior difusión posible do que nós cremos que é un dos alicerces más importantes da nosa cultura.

Anualmente celebramos por estas datas a nosa Gala na Casa da Cultura de Sada, da que xa cumpliremos dez edicións este 2017.

Grazas á recomendación da Concellería de Cultura de Sada, e tamén porque o noso auditorio non é capaz de acoller comodamente un espectáculo como o festival "Queiroa na rúa", vémonos na obriga de celebralo nun espazo aberto coma este, no paseo marítimo de Sada.